

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

14634 *Real decreto lei 12/2019, do 11 de outubro, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os efectos da apertura de procedementos de insolvencia do grupo empresarial Thomas Cook.*

I

O pasado 23 de setembro de 2019 o grupo empresarial británico Thomas Cook presentou ante un tribunal británico a solicitude para iniciar un procedemento de insolvencia, cesando nas súas operacións con efecto inmediato, cancelando todas as súas reservas e deixando de cotizar as súas accións na bolsa de Londres.

Este grupo empresarial británico, que empregaba preto de 22.000 traballadores, organizaba cada ano, a través da súa axencia de viaxes grosista e das súas aeroliñas, millóns de viaxes de turistas cara aos hoteis das comunidades autónomas de Canarias e Illes Balears e doutras partes de España, que lle vendían cada ano parte da súa capacidade de aloxamento ao dito grupo.

Esta forte dependencia do grupo empresarial británico que entrou en concurso de acredores, principalmente dos territorios insulares de Canarias e de Illes Balears, produciu uns efectos nocivos moi relevantes nas empresas turísticas e nos traballadores afectados, directa ou indirectamente, pola onda expansiva que desencadean estas situacións de insolvencia.

O grupo empresarial Thomas Cook ten filiais en España que xestionan servizos de intermediación turística, hoteleiros e aéreos. Hoxe en día, unha destas filiais foi xa declarada en concurso voluntario por un xulgado mercantil de Palma de Mallorca, que disolveu o consello de administración e designou no seu lugar un administrador concursal, procedemento que pode afectar directamente os postos de traballo de centos de persoas, fundamentalmente en Balears, e indirectamente outros miles de traballadores de empresas relacionadas noutras partes de España.

Tamén se encontran en tramitación outros procedementos xudiciais que en moi curto prazo poden desembocar en novos concursos de acredores, con importante impacto na economía dun sector, como o turístico, que supón unha das principais fontes de ingresos en moitas comunidades autónomas.

Ademais, a insolvencia dunha empresa deste volume afectará sen dúbida o tecido empresarial das zonas en que operaba o grupo. Moitas empresas de menor tamaño, provedoras de bens ou servizos para Thomas Cook, poden verse arrastradas a resultados negativos ou mesmo a máis procedementos de insolvencia.

Compréndese facilmente, polo tanto, que a previsible apertura de novos procedementos de insolvencia secundarios, tanto en España coma noutros Estados membros da Unión Europea, derivada da liquidación obrigatoria da matriz do grupo que se está tramitando nos tribunais do Reino Unido, ten un impacto extraordinario na economía dunha potencia turística como España, pois o turismo é un sector clave da súa economía.

II

O turismo constitúe un dos sectores clave da economía do noso país. É, sen dúbida, un dos factores máis dinámicos na xeración de emprego e riqueza, conta cunha gran capacidade de arrastre doutros sectores e é unha fonte importante de entrada de divisas.

España é unha das principais potencias turísticas do mundo e tamén un dos principais investidores. Conta cunha sólida e desenvolvida infraestrutura, unha consolidada posición de liderado internacional e gran potencial de crecemento futuro, o que constitúe o seu valor diferenciador e unha gran vantaxe competitiva. Segundo o «Informe de resultados do

turismo internacional 2018 e perspectivas 2019» da Organización Mundial do Turismo (OMT), España ocupa o segundo posto do mundo en gasto realizado por turistas, con 89.856 millóns de euros. Tamén é o segundo país do mundo en número de turistas estranxeiros, con case 83 millóns de turistas internacionais recibidos, que acoden ao noso país atraídos polas súas praias e agradable clima, o abundante patrimonio artístico e cultural do país e a riqueza gastronómica. A estes factores engádenselles outros, como as excelentes infraestruturas tanto de transporte como a alta densidade hoteleira, a seguridade e a hospitalidade que, no seu conxunto, permitiron que España revalide en 2019 a posición de liderado no índice de competitividade turística que ocupa desde 2015.

O sector turístico representa ao redor do 11,7 por cento do produto interior bruto (PIB) de España, economía que ten un especial sustento no sector servizos, cun inigualable desenvolvemento e excelencia en hostalaría e transporte; e supón un 13,6 por cento do total dos afiliados á Seguridade Social en España. Ademais diso, o turismo é, polas súas características, un sector horizontal que afecta practicamente todos os sectores económicos e é capaz de xerar actividade inducida en sectores como o comercio, o lecer e os servizos en xeral, que se benefician dos turistas que nos visitan, xa sexa a través de operador turístico ou con viaxes individuais.

En tal sentido, o sector turístico en España configúrase como unha actividade socioeconómica esencial para a creación de riqueza e emprego, o que fai posible que o seu comportamento repercuta de maneira sensible no aumento da riqueza nacional, tanto directa como indirectamente, e confirma a súa gran capacidade de arrastre doutros sectores produtivos, todos eles elementos básicos no desenvolvemento económico e na estabilidade.

Desde o punto de vista territorial, o turismo é un sector fundamental na economía de todas as comunidades autónomas e, en especial, dos territorios insulares. Así, na Comunidade Autónoma de Illes Balears supón máis do 45 por cento do PIB, e asegura o emprego de máis do 30 por cento do total de traballadores asalariados, e na Comunidade Autónoma de Canarias a súa achega ao PIB supera o 35 por cento, xerando máis do 40 por cento do emprego. En ambos os casos, destaca o importante número de turistas europeos que reciben estes destinos.

O sector turístico desenvolve a súa actividade nun contorno económico globalizado, profundamente cambiante, en que a caída dun dos grandes operadores mundiais ten, polo tanto, un impacto extraordinario nun país como España.

III

A disrupción que nestes momentos se está a producir no mercado turístico español e europeo como consecuencia da quebra do grupo empresarial Thomas Cook, segundo maior operador do mundo por volume de operacións, e dada a excesiva dependencia dalgúns dos nosos destinos deste único operador turístico, conduce a unha crise inédita neste mercado que require dunha actuación inmediata e extraordinaria por parte dos poderes públicos.

Esta situación xerou unha perda de conectividade e unha ameaza ao emprego nos territorios máis afectados, polo que o sector turístico español precisa de medidas que mitiguen o alcance das consecuencias nocivas da caída do grupo empresarial Thomas Cook e permitan manter a actividade e o emprego do sector mentres se producen as necesarias adaptacións.

Se tomamos como referencia os datos sobre 2018 que facilita a enquisa de movementos turísticos en fronteiras (Frontur), apréciase que aproximadamente o 60 por cento dos turistas internacionais que visitan a Comunidade Autónoma de Canarias e o 42 por cento dos que visitan a de Illes Balears o fan a través de paquetes turísticos, mentres que no resto de comunidades autónomas estas cifras están moi por debaixo. Esta alta dependencia nos territorios insulares dos paquetes turísticos fíxoos especialmente vulnerables ás flutuacións do mercado dos operadores turísticos especializados e, en concreto, do grupo Thomas Cook. Os turistas británicos que visitaron o noso país en 2018

e que utilizaron o produto do paquete turístico foron 7,23 millóns, o que supón o 39,1 por cento dos turistas británicos en España ese ano (estas porcentaxes ascenden ata o 50,3 por cento e o 58,8 por cento para os turistas británicos que visitaron Balears e Canarias, respectivamente).

A quebra das empresas británicas do grupo empresarial Thomas Cook supuxo a cancelación de máis de 475.000 asentos de avión durante a tempada turística de inverno e a parte restante da tempada de verán nos territorios insulares. Durante o ano 2018, o grupo de Thomas Cook transportou 2,6 millóns de pasaxeiros a España. Os seus principais destinos foron a Comunidade Autónoma de Canarias, con máis de 1,6 millóns de pasaxeiros, o que supón case un 62 por cento da súa cota de mercado en España, e as Illas Baleares, con máis de 740.000 pasaxeiros, o cal supón un 28 por cento da cota. Polo tanto, entre ambos os destinos acapárase practicamente o 90 por cento da súa oferta cara a España. A condición de insularidade destes territorios supón unha gran desvantaxe no proceso de recuperación do sector, ao verse reducida a súa capacidade de conectividade. A inminencia do inicio da tempada de inverno, de especial importancia, por exemplo, na Comunidade Autónoma de Canarias, fai necesaria, polo tanto, a adopción de medidas urxentes que lle permitan ao sector afrontar a perda de viaxeiros.

IV

Este real decreto lei está composto de catro capítulos, divididos en seis artigos, dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

No capítulo I, artigo 1, establécese o obxecto e finalidade do real decreto lei, que consiste no establecemento de medidas urxentes dirixidas ao fortalecemento e á mellora da competitividade do sector turístico español para paliar os efectos da insolvencia do grupo empresarial Thomas Cook.

No capítulo II, o artigo 2 recolle, como medida en materia de emprego e Seguridade Social aplicable ás empresas establecidas nos territorios insulares, a ampliación das bonificacións nas cotas das cotizacións á Seguridade Social dos traballadores nos sectores de turismo e comercio e hostalaría vinculados á actividade turística.

Nos últimos anos foi habitual a adopción de distintas medidas de apoio para a prolongación dos períodos de actividade dos traballadores con contratos fixos descontínuos nos sectores de turismo e comercio e hostalaría vinculados á actividade turística. En relación co exercicio 2019 estas medidas, consistentes na bonificación do 50 por cento das cotas empresariais á Seguridade Social por contingencias comúns, así como polos conceptos de recadación conxunta de desemprego, Fogasa e formación profesional, respecto dos ditos traballadores, reguláronse no artigo 9 do Real decreto lei 8/2019, do 8 de marzo, de medidas urxentes de protección social e de loita contra a precariedade laboral na xornada de traballo, e son de aplicación durante os meses de febreiro, marzo e novembro de 2019.

No referido artigo 2 establécese unha ampliación da bonificación do artigo 9 do Real decreto lei 8/2019, do 8 de marzo, que se aplicará, ademais de nos meses previstos no dito artigo, de forma excepcional durante os meses de outubro e decembro de 2019 e febreiro e marzo de 2020.

Esta medida poderase completar con outras, como o adiamento de cotas de cotizacións da Seguridade conforme a regulación prevista no capítulo VII do título I do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

No artigo 3 recóllese a coordinación específica do Servizo Público de Emprego Estatal coas comunidades autónomas, no marco do Sistema nacional de emprego e as súas respectivas competencias, co obxectivo de que as medidas relativas á protección por desemprego e as políticas activas de emprego dean eficaz resposta aos traballadores afectados no menor tempo posible.

No capítulo III dispóñense medidas de apoio financeiro ao sector turístico, consistentes, por un lado, no artigo 4, en instruír o Goberno para que, mediante acordo da Comisión

Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, aprobe unha liña de financiamento de ata 200 millóns de euros para atender as necesidades financeiras dos afectados pola insolvencia do grupo empresarial Thomas Cook.

Por outro lado, no artigo 5 establécese a concesión directa de subvencións ás comunidades autónomas de Canarias e de Illes Balears, de acordo co establecido no artigo 22.2.b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Estas subvencións, que revisten un carácter extraordinario e excepcional, son necesarias para dar unha resposta inmediata á situación producida pola insolvencia do grupo empresarial Thomas Cook.

No capítulo IV, artigo 6, régúlase o denominado Fondo Financeiro do Estado para a Competitividade Turística (Focit), o cal terá por obxecto apoiar financeiramente os proxectos que desenvolvan as empresas turísticas orientados á mellora da competitividade do sector, en especial aqueles que conteñan actuacións de dixitalización dos destinos turísticos, e de innovación e modernización dos servizos, para adaptarse inmediatamente ante a perda de demanda ocasionada pola quebra do grupo empresarial Thomas Cook.

Posibilitase así que estas empresas, que necesariamente requiren substituír o volume de operacións que mantíñan con este grupo empresarial, en moitos casos para manter a súa viabilidade, teñan un instrumento que lles permita a dita substitución que, dada a situación do mercado turístico, en gran medida pola disrupción producida pola insolvencia deste operador, fai imprescindible a súa canalización cara a elementos máis competitivos como a dixitalización ou a innovación, entre outros. Así mesmo, como medida adicional e a prol dunha maior claridade, congruencia e seguridade xurídica, establécese o cambio de denominación do anterior Fondo para a Modernización de Infraestruturas Turísticas (Fomit), o cal pasa agora a denominarse Fondo Financeiro do Estado para a Competitividade Turística (Focit).

A disposición adicional primeira prevé o establecemento por parte da Secretaría de Estado de Turismo, en colaboración co Ministerio de Xustiza e coas comunidades autónomas, de medidas xerais de información ás empresas do sector turístico que afronten a recuperación de débedas no marco de procedementos de insolvencia de empresas do grupo Thomas Cook.

Pola súa parte, a disposición adicional segunda establece o reforzamento da iniciativa de destinos turísticos intelixentes a afectados pola insolvencia do grupo empresarial Thomas Cook, co obxectivo de mellorar a xestión e facer os destinos turísticos máis competitivos nun contexto excepcional como o actual, marcado pola desaparición dun dos principais operadores turísticos que operan no noso país.

A disposición transitoria única recolle unha previsión normativa para aqueles proxectos que fosen financiados con cargo ao Fondo Financeiro do Estado para a Modernización de Infraestruturas Turísticas (Fomit), aos cales será de aplicación o previsto no Real decreto 937/2010, do 23 de xullo, polo que se regula o Fondo Financeiro do Estado para a Modernización de Infraestruturas Turísticas e no resto de normas aplicables vixentes no momento de aprobarse o real decreto lei.

Por último, as disposicións derradeiras primeira a terceira recollen os títulos competenciais en que se fundamenta a norma, a habilitación ao Goberno para o desenvolvemento e execución, e a entrada en vigor da norma o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», respectivamente.

V

As medidas que se adoptan neste real decreto lei pretenden dar respostas concretas a estas necesidades de carácter urxente. Así, abórdase con inmediatez a situación xerada no sector turístico pola insolvencia do grupo empresarial Thomas Cook, cuxa actividade é clave para o sector turístico do noso país, evitando que repercuta negativamente no emprego que xera, principalmente nas pemes, así como impedindo que se dean situacións de falta de liquidez. Por iso, impúlsase igualmente a imprescindible substitución da dependencia a que ao referido operador estaban sometidas multitude de empresas por solucións alternativas máis vinculadas á sociedade da información, á dixitalización e cunha maior diversificación a que estas empresas deben adaptarse con carácter inmediato.

As actuacións e medidas que se establecen no marco desta norma responden, principalmente, a un principio de temporalidade, e atenden todas as comunidades autónomas afectadas e, especialmente, a Canarias e Illes Balears por seren territorios singularmente afectados e máis sensibles ante as circunstancias excepcionais previamente sinaladas.

Estas medidas constitúen o necesario complemento das xa adoptadas polos órganos competentes en materia de aeroportos e tránsito e transporte aéreo, dirixidas a asegurar a conectividade aérea, tras a paralización da actividade da maior parte do grupo empresarial Thomas Cook, cos territorios máis afectados.

As medidas que agora se adoptan responden a unha situación de extraordinaria e urxente necesidade, e parte das ditas medidas, como ocorre coas referidas a materia de emprego e de Seguridade Social, precisan dunha resposta normativa con rango de lei, tal e como exige a xurisprudencia constitucional [STC 137/2011, do 14 de decembro (RTC 2011, 137), FX 4]. Así mesmo, mentres que as ditas medidas perseguen paliar as consecuencias que no sector turístico español provoca a crise dun dos principais operadores turísticos a nivel mundial, e con especial implantación en España, existe sen dúbida unha conexión entre a situación definida e as actuacións deseñadas para facerlle fronte [por todas, SSTC 29/1982 (RTC 1982, 29), FX 3, e 70/2016, do 14 de abril (RTC 2016, 70), FX 4], de maneira que estas gardan «unha relación directa ou de congruencia coa situación que se trata de afrontar» [STC 182/1997 (RTC 1997, 182), FX 3].

As circunstancias descritas, ao seren difíciles ou imposibles de prever, fan imprescindible unha acción normativa inmediata que ofrezca resposta rápida á gravidade da conxuntura que se suscita no sector turístico e ás dificultades inminentes derivadas para a economía e o emprego. A situación descrita non pode ser atendida oportuna e eficazmente polo procedemento lexislativo de urxencia (STC 111/1983) e, por outra parte, as medidas incluídas neste real decreto lei, que entra en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», son de eficacia inmediata.

O anterior lexitima a extraordinaria e urxente necesidade que constitúe o presuposto habilitante, polo que queda xustificada a inmediata adopción das medidas que se incorporan neste real decreto lei ao concorrer, desta forma, a circunstancia de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución para a utilización da dita figura normativa, requisito imprescindible, como recordou a xurisprudencia constitucional.

VI

A tramitación deste real decreto lei efectúaa un Goberno en funcións, circunstancia que se axusta ao disposto polo artigo 21.3 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, precepto conforme o cal «o Goberno en funcións facilitará o normal desenvolvemento do proceso de formación do novo Goberno e o traspaso de poderes a este e limitará a súa xestión ao despacho ordinario dos asuntos públicos, absténdose de adoptar, salvo casos de urxencia debidamente acreditados ou por razóns de interese xeral cuxa acreditación expresa así o xustifique, calquera outra medida».

Nesta ocasión concorren ambos os supostos excepcionais de urxencia e de interese xeral, na medida en que cómpre unha acción normativa inmediata que ofrezca resposta rápida á grave situación que atravesa o sector turístico como consecuencia da insolvencia do operador turístico británico Thomas Cook, máxime nalgúns territorios, e ás graves consecuencias que arrastra para a economía e o emprego do país. A situación descrita exige unha acción governamental, cuxa omisión podería ocasionar importantes prexuízos para o interese xeral.

VII

Este real decreto lei dítase ao abeiro das competencias atribuídas ao Estado en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e a lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, de acordo co establecido no artigo 149.1.13.^a e 17.^a da Constitución.

A norma adécuase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para estes efectos, ponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia dado o interese xeral en que se fundamentan as medidas que se establecen, e o real decreto lei é o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución. A norma é acorde co principio de proporcionalidade ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados. Igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica e é coherente co resto do ordenamento xurídico. Por último, en cumprimento do principio de transparencia a norma identifica claramente o seu propósito, e nesta exposición de motivos ofrécese unha explicación das medidas que se adoptan no sector do turismo.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra de Industria, Comercio e Turismo e da ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de outubro de 2019,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e finalidade.*

Este real decreto lei ten por obxecto establecer medidas urxentes dirixidas ao fortalecemento e á mellora da competitividade do sector turístico español para paliar os efectos da insolvencia do grupo empresarial Thomas Cook.

CAPÍTULO II

Medidas en materia de emprego e de seguridade social

Artigo 2. *Medidas de apoio á prolongación do período de actividade dos traballadores con contratos fixos discontinuos nos sectores de turismo e comercio e hostalaría vinculados á actividade turística para empresas con centros de traballo nas comunidades autónomas de Illes Balears e Canarias durante os meses de outubro e decembro de 2019 e febreiro e marzo de 2020.*

A bonificación prevista no artigo 9 do Real decreto lei 8/2019, do 8 de marzo, de medidas urxentes de protección social e de loita contra a precariedade laboral na xornada de traballo, será de aplicación, con carácter excepcional, ademais de nos meses previstos no dito artigo, durante os meses de outubro e decembro de 2019 e febreiro e marzo de 2020, para as empresas dedicadas a actividades encadradas nos sectores de turismo, así como os de comercio e hostalaría, sempre que se encontren vinculados ao dito sector do turismo, respecto dos seus centros de traballo situados nas comunidades autónomas de Illes Balears e de Canarias, e acrediten o cumprimento dos restantes requisitos que prevé o mencionado artigo.

Artigo 3. *Coordinación en materia de emprego.*

O Servizo Público de Emprego Estatal e as comunidades autónomas coordinarán, no ámbito das súas respectivas competencias, a protección por desemprego e a execución das súas políticas activas de emprego para dar resposta á situación dos traballadores afectados por esta situación excepcional.

CAPÍTULO III

Medidas de apoio financeiro ao sector turístico

Artigo 4. *Liña de financiamento para atender os afectados pola insolvencia do grupo empresarial Thomas Cook.*

1. Instrúese o Goberno para que, mediante acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, se aprobe unha liña de financiamento de ata 200 millóns de euros para atender as necesidades financeiras dos afectados pola insolvencia do grupo empresarial Thomas Cook.

2. Os termos e as condicións desta liña de financiamento serán recollidos no referido acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Artigo 5. *Concesión directa de subvencións ás comunidades autónomas de Canarias e de Illes Balears.*

1. De acordo co establecido no artigo 22.2.b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvenciones, establécese, con obxecto de recuperar a perda de conectividade, consolidar a diversificación e mellorar o destino, a concesión directa das seguintes subvencións:

- a) Á Comunidade Autónoma de Canarias, por importe de 15 millóns de euros.
- b) Á Comunidade Autónoma de Illes Balears, por importe de 8 millóns de euros.

2. A concesión de cada unha destas subvencións instrumentarase mediante a formalización dun convenio entre a Secretaría de Estado de Turismo e a comunidade autónoma, segundo o previsto no artigo 65.3, en relación co artigo 66.2 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

3. O convenio a que se refire o punto anterior terá o carácter de bases reguladoras da concesión da subvención para os efectos do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e incluírá os termos a que se refire o artigo 65.3 do Regulamento de desenvolvemento da dita lei e, en todo caso, os requisitos dos beneficiarios, a súa acreditación, os gastos subvencionables, os prazos e a forma de xustificación.

4. O convenio poderá establecer que o aboamento da subvención se realice nun único pagamento anticipado, de acordo co previsto no artigo 34.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no seu regulamento de desenvolvemento.

5. O pagamento da subvención quedará condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

6. Na falta do previsto neste real decreto lei, será de aplicación supletoria a estas subvencións o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no seu regulamento de desenvolvemento, salvo no que nunha e noutro afecte a aplicación dos principios de publicidade e concorrencia.

CAPÍTULO IV

Fondo Financeiro do Estado para a Competitividade Turística

Artigo 6. *Fondo Financeiro do Estado para a Competitividade Turística (Focit).*

1. O Fondo Financeiro do Estado para a Modernización de as Infraestruturas Turísticas (Fomit), regulado mediante o Real decreto 937/2010, do 23 de xullo, denominarase «Fondo Financeiro do Estado para a Competitividade Turística FCPX (Focit)».

2. Modifícase a disposición adicional cuadraxésimo terceira da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, que queda redactada da forma seguinte:

«Disposición adicional cuadraxésimo terceira. *Iniciativa para a mellora da competitividade dos destinos turísticos.*

Un. O Estado poderá apoiar financeiramente, mediante préstamos con cargo ao Fondo Financeiro do Estado para a Competitividade Turística (Focit), os proxectos que desenvolvan as empresas turísticas orientados á mellora da competitividade do sector, en especial aqueles que conteñan actuacións de dixitalización dos destinos turísticos, e de innovación e modernización dos servizos.

Dous. A execución desta iniciativa canalizarase con cargo ao Fondo Financeiro do Estado para a Competitividade Turística (Focit), adscrito á Secretaría de Estado de Turismo, xestionado por esta última, e cuxa administración financeira levará a cabo o Instituto de Crédito Oficial (ICO).

Tres. O Goberno informará o Parlamento sobre a xestión desta iniciativa, os resultados acadados, os proxectos financiados, a súa contía e modalidades de financiamento, así como os seus beneficiarios finais. Tal información remitirase ao Parlamento con periodicidade anual.»

3. O Goberno establecerá regulamentariamente, no prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei, as medidas necesarias para desenvolver o previsto neste artigo.

Disposición adicional primeira. *Medidas de información en procesos concursais.*

A Secretaría de Estado de Turismo, en colaboración co Ministerio de Xustiza e coas comunidades autónomas, establecerá medidas xerais de información ás empresas do sector turístico que afronten a recuperación de débedas no marco de procesos de insolvencia de empresas do grupo Thomas Cook.

Disposición adicional segunda. *Fortalecemento da estratexia de destinos turísticos intelixentes.*

Co fin de apoiar a transformación dos destinos turísticos afectados pola insolvencia do grupo empresarial Thomas Cook, o Goberno destinará 1.485.000 euros á Sociedade Mercantil Estatal para a Xestión da Innovación e as Tecnoloxías Turísticas, S.A.M.P. (Sexittur) para reforzar a estratexia de destinos turísticos intelixentes e mellorar así a competitividade do destino turístico.

Disposición transitoria única. *Proxectos financiados polo Fondo Financeiro do Estado para a Modernización de Infraestruturas Turísticas (Fomit).*

Aos proxectos que fosen financiados con cargo ao Fondo Financeiro do Estado para a Modernización de Infraestruturas Turísticas (Fomit) seralles de aplicación o previsto no Real decreto 937/2010, do 23 de xullo, e no resto de normas aplicables vixentes no momento de aprobarse o real decreto lei.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a e 17.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de bases e coordinación da planificación

xeral da actividade económica e sobre a lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habilítase o Goberno para aprobar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do previsto neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de outubro de 2019.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN